
Nome da comunicación **MILHULLOA, S. COOP. GALEGA**

Entidade **MILHULLOA, S. COOP. GALEGA**



É unha cooperativa de traballo asociado dedicada ao cultivo ecolóxico e comercialización de plantas medicinais aromáticas e outros. Ten o seu domicilio social no lugar do Coto, concello de Palas de Rei na provincia de Lugo, en pleno recorrido do Camiño de Santiago. Galardoada con diferentes premios e no ano 2010 foi premio de excelencia á innovación para mulleres rurais.

milhulloa@hotmail.com

Responsables da comunicación **M^a Carmen Expósito Casal. Membro cooperativista**

MILHULLOA, S. COOP. GALEGA

M^a Carmen Expósito Casal

[*milhulloa@hotmail.com*](mailto:milhulloa@hotmail.com)

Milhulloa Sociedade Cooperativa Galega



Milhulloa, S. Coop. Galega é unha cooperativa de traballo asociado dedicada ao cultivo ecolóxico e comercialización de plantas medicinais aromáticas e outros. Ten o seu domicilio social no lugar do Coto, concello de Palas de Rei na provincia de Lugo, en pleno recorrido do Camiño de Santiago.

O proxecto naceu a raíz dun curso de creación de empresas para mulleres emprendedoras organizado no ano 2000 pola antiga Consellería de Familia, Emprego, Muller e Xuventude, impartido pola Escola de Organización Industrial en Santiago de Compostela, cunha duración de 500 horas.

Decidiuse a forma xurídica de cooperativa porque era a que mais se axustaba ás ideas das persoas socias, tanto na forma de traballo como na toma de decisións e reparto de responsabilidades; polas axudas económicas e vantaxes fiscais e porque coñecían de cerca outras cooperativas que as animaron.



O TRANSCORRIR DA COOPERATIVA

Dispoñen de 22 hectáreas de terreo, dividido en dúas parcelas; que inscriben no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galiza (CRAEGA) no apartado de produción vexetal e no rexistro de industrias alimentarias.

O obxectivo da explotación agrícola era a obtención de grandes cantidades de plantas medicinais e aromáticas en cultivo ecolóxico que, unha vez transformadas, foran vendidas a granel a empresas envasadoras e laboratorios farmacéuticos. Pero acabaría a empresa envasando o produto final e diversificando a propia actividade para ser sostible.

Milhulloa S. Coop. Galega, sacou ó mercado un produto innovador e de gran calidade: o grelo ecolóxico deshidratado. Ademais imparte cursos e conferencias sobre plantas medicinais e agricultura ecolóxica, deshidratado e elaboración de cosmética natural, etc.

COLABORACIÓN EN DISTINTOS PROXECTOS/ ASOCIACIÓN

- “Proxecto Cantata”, na procura do desenvolvemento da comarca da Ulloa.
- “Fundación para a custodia do bosque autóctono” , para a recuperación e mantemento dos recursos forestais con especies arborícolas autóctonas.
- En colaboración coa Confederación de Empresarios de Santiago de Compostela, USC e deputación de A Coruña (Plan Proximitas Plus), a empresa acolle alumnado para a súa formación práctica complementaria.
- Forma parte de APEGA, asociación de produtor@s ecolóxic@s de Galicia.
- Ugacota – Unión de Cooperativas de Traballo Asociado.
- COOP57, cooperativa de servizos financeiros.

PREMIOS A TODA UNHA TRAXECTORIA

O labor da cooperativa foi recoñecido por distintos organismos:

- *“II Premios agrarios de Galicia”* Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. 1º premio na modalidade de muller rural emprendedora 2003.
- *“Feira Internacional Semana Verde de Silleda”*. Accésit na modalidade de Innovación 2004.
- *“IV premios a Cooperación”*. Premio á cooperación do cooperativismo. Consellería de Traballo, 2005.
- *“Premios Agader, Edición 2006”*. 3º premio ás iniciativas de desenvolvemento rural.
- *“Premio ao desenvolvemento comercial”*, outorgado pola Asociación de Empresarios Terras de Melide, 2006.
- *“1º premio ás actividades produtivas no medio rural”*, pola súa contribución e posta en valor do territorio histórico do Camiño Francés, 2007.
- *“Premios de Excelencia á Innovación para mulleres rurais”*, 1º edición 2010.

